



XX CONGRESO DE ENCIGA

22, 23, 24 de novembro de 2007

Hotel Carlos I, Sanxenxo

ENQUISA DE AVALIACIÓN DO CONGRESO

Por favor, valora os seguintes aspectos da actividade:

Cumprimento dos obxectivos	Moi Mal 1 2 3 4 4,7 5 Moi ben	Observacións: As observacións van na seguinte folia. <i>Expoñemos tamén os puntos de vista dos organizadores.</i>
Metodoloxía empregada no desenvolvemento	Moi Mal 1 2 3 4 4,1 5 Moi ben	
Cumprimento dos contidos	Moi Mal 1 2 3 4 4,5 5 Moi ben	
Cumprimento das condicións xerais da actividade: datas, horarios, espacios, materiais entregados, etc.	Moi Mal 1 2 3 4 4,0 5 Moi ben	

Para dar cumprimento ó artigo 14ª da orde do 1 de marzo de 2007 (D.O.G. do 11/4/2007) e obter o Certificado con Horas é obrigatorio que se cubra e entregue esta enquisa .

Observacións:

Información deficiente.

Mellor facer os congresos nos institutos que no Hotel. E outro ambiente. *(ENCIGA fai constar que está completamente dacordo: é definitivamente outro ambiente.)*

As conferencias prefiro de interés común que específicas de especialidade. Moi ben a Química Verde. *(ENCIGA fai constar que pensábamos que esta conferencia era moi específica.)*

Estanse esquecendo a didáctica e os problemas do ensino. Estanse agotando as comunicacións. *(ENCIGA fai constar que non é responsable do número de comunicacións enviadas, dado que se os ponentes non as envían nada pode facerse. Idénticamente, se non se escriben sobre didáctica é imposible facer nada. A nós gustaríanos que houbera máis Didáctica das Ciencias nas comunicacións.)*

Mellor celebralo en institutos que en hoteis. Hai poucas ponencias. As excursións máis didácticas e menos turísticas.

Faltan moderadores ou presentadores que introduzan aos ponentes/conferenciantes. *(ENCIGA fai constar que os conferenciantes plenarios foron introducidos todos, e cara aos ponentes é norma que se presenten eles mesmos porque en xeral son coñecidos e facer unha presentación formal non procede. Non obstante, se a ocasión o require, faise e fíxose sempre, e como exemplo neste mesmo Congreso o propio presidente presentou a un ponente moi particular).*

Xenial telo feito nun hotel. Gracias Pepe. PD: adiante con facelo nun trasatlántico.

Noraboa aos organizadores. Grazas polo voso traballo desinteresado.

Primeira participación no congreso. Moi sorprendido pola organización e a calidade das conferencias e moitas exposicións.

Moi bo o Limiar do Libro do Congreso. *(ENCIGA fai constar que foi escrito polo Tesoureiro.)*

En esta ocasión fue un gran logro convencer a las autoridades educativas, a los políticos locales de su participación activa en el congreso, así como a apuntarse al congreso a un número tan importante de “no socios”. Solo un detalle realmente bien llevado: la conferencia sobre el Cambio Climático fue seria y sobre todo “VALIENTE”. *(ENCIGA invitou a os aprobados na oposición deste ano, que son os “no socios”, e eso é certamente unha felicitación, así como a referida ao Cambio Climático. En relación aos políticos, a asociación non tivo ningún político na presentación do congreso, polo que a frase é marcadamente irónica.)*

Un ponente se equivocó de sala y dio su ponencia en la sala equivocada. El público se vio afectado. *(ENCIGA fai constar que pide, encarecidamente, perdón por ter personalmente cometido tal erro despois de poñer un cartel indicador en cada sala e indicar verbalmente donde estaban as salas no pasillo.)*

Todo ben. *(ENCIGA fai constar que houbo erros, en particular a lonxitude da segunda conferencia, pero polo interés desta o presidente, moderador do debate, decidiu prolongala.)*

Gustoume moito e quedei moi gratamente sorprendida de esta experiencia. A modo crítico só podería dicir con respecto ao cumprimento dos horarios que algunhas comunicacións ás que asistín se excederon do tempo prefixado, de xeito que cando entrabas na seguinte esta xa tiña comenzado. *(ENCIGA non pode aceptar esta crítica dado que ano tras ano ordena un Café de Confraternidade coa finalidade de que os ponentes poidan “roubar” algúns minutos como tempo de exposición, pero moitos ponentes “rouban” os 15 minutos do Café e máis, e incluso persoas do Comité Organizador tiveron que avisar a algúns ponentes... unha ingrata tarefa que non nos correspondería facer. Ademais, este ano ofreceuse a posibilidade de facer comunicacións de ata 90 minutos, pero tales foron rexeitadas polos ponentes. Salvo que entremos a berros ou coa Policía, non vemos outra solución máis que confiar na consideración duns ponentes cara aos seguintes.)*

Opino que sigan a celebrarse en Hoteis, balnearios.

Deberían respetarse los tiempos en las ponencias. *(Xa comentada antes)*

Deficiencias na organización e información. Baixa calidade. *(ENCIGA non comparte esta opinión tan xeral, pero ademais tampouco pode mellorar porque non sabe que erros cometeu dacordo con esta afirmación.)*

Es una idea muuy práctica el hacer el congreso en un hotel, sobre todo para respetar la puntualidad y por la comodidad en sí.

Mellor as conferencias que as ponencias en xeral.

Creo interesante seguir facendo o Congreso en HOTEIS.

Moi acertada a Mesa Redonda das Matemáticas.

O congreso debería tener resposta as innovacións educativas mediante propostas de traballo, Grupos de Traballo, etc. E buscar a valoración e convalidación da Xunta. *(ENCIGA fai constar por unha banda que ningunha comunicación presentada abordou tales temas, e por outra que este é que dende 1995 o noso Congreso está homologado pola Xunta, aínda que non sabemos exactamente se isto significa “valorado e convalidado”).*

Todo muy bien.

Se poderían facer máis talleres. *(Certo, e así tería sido se se presentasen.)*

Foi unha pena non poder telo feito en Londres. *(ENCIGA está plenamente dacordo con esta idea, pero lamentablemente non foi posible... ata o momento.)*

Estuvo moi ben a idea do hotel.

As sillas da sala principal eran moi incómodas. *(ENCIGA non o ve así, pero xa postos coa comodidade fai constar que as sillas de todas as demais salas eran bastante máis cómodas que as dos institutos nos que vagamos durante estes últimos vinte anos.)*

Moi boa a conferencia final.

Aínda que é bastante duro aceptalo, penso que salvo un pequeno milagre, despois de 20 anos, esto se acaba. De todas formas, ¡foi bonito!. E se fora posible, pero habería que cambiar moito o chip, salvar Enciga. Gracias a toda a xente que coa súa dedicación fixo posible 20 anos de Asociación, en particular as directivas.

Incentivaría as comunicacións de matemáticas. *(ENCIGA fai constar que existíu, por primeira vez, unha Mesa Redonda o venres dedicada exclusivamente ás Matemáticas, ademais de dúas ponencias o xoves e unha o sábado. E, se houbese máis, estaríamos encantados de poñelas.)*

Incompatibilidade dos obradoiros coas ponencias. Sería útil por os obradoiros ao mesmo tempo. *(ENCIGA fai constar que os obradoiros coinciden con ponencias, e as ponencias coinciden unhas con outras porque así é a estrutura dun congreso, e tamén lle gustaría engadir que se os obradoiros coincidisen uns cos outros a solución que propón esta persoa non parece, alomenos a primeira vista, que vaia salvar a situación da coincidencia.)*

Todo o material (publicación, folios para escribir, enquisas, folleto...) podería ter sido impreso en papel reciclado. *(ENCIGA plantexarase esta idea, así como a redución que ven facendo dos envíos en papel, tanto no congreso (fotocopias que se poñen na rede,...) como nos avisos sinxelos (convocatorias,...), pero desgraciadamente o número de socios que non reciben os avisos por correo electrónico aínda é moi elevado, o que imposibilita o necesario aforro de papel.)*

Para dar unha visión científica sobre o cambio climático sería máis apropiado organizar unha mesa redonda ou debate onde se expoñan e expliquen datos que o apoiem e outros que o refuten; pero non traer a alguén que vai de moi científico e ó final tamén fai unha manipulación demagóxica duns datos concretos escollidos por él, con varias contradicións durante a exposición, intentando crear confusión e desprestixiando ós, según él, 33 científicos do IPCC, insinuando que se moven por intereses económicos; recurrido a chistes fáciles e comparacións ianpropiadas, etc, etc, ... non me pareceu unha intervención seria. *(ENCIGA fai constar que non se fixo un debate porque hai millóns de noticias todos os días donde as teses do Cambio Climático son asumidas sen discusión, pero case ningunha onde se critiquen, e para nós a Ciencia é criba e discusión constante, porque se queda algo enriba da criba será pedra sólida, e se pasa será area. Se se quere un debate haberá que darlle tempo de exposición xustamente a aqueles que non o teñen, e non acudir ao Políticamente Correcto. En relación coas insinuacións de que os científicos do IPCC teñen intereses económicos, o que nós entendimos é que son Científicos Gubernamentais, e que eso introduce un sesgo notable dacordo co goberno que os pon ahí, máis ben que os científicos en sí mesmos tivesen intereses económicos).*

José Manuel Facal Díaz
Presidente de ENCIGA